



Concello de Pantón

Oficina de registro general
ENTRADA
27/10/2020 09:24
2020RPE016579

Expediente nº: 705/2020

Asunto: Plan Único 2020. Contratación laboral temporal de dous traballadores/as para a realización da obra/servizo determinado "Peón de Servizos Múltiples".

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos.

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXEN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DE DÚAS (2) PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, COA CATEGORÍA PROFESIONAL DE PEÓN, PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO DETERMINADO "PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES", POLO SISTEMA DE CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS, NO MARCO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 (B.3.- PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).

A) BASES XERAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa, de dúas (2) persoas traballadoras desempregadas, coa categoría profesional de peón, para a realización da obra/servizo determinado "PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES", cunha duración ata o 30.09.2021, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 (BOP de Lugo nº 77, do 03.04.2020), dentro do programa B.3.- Programa de Fomento do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social.

2.- A contratación laboral temporal a xornada completa para obra ou servizo determinado, en xornada de oito (8.-) horas diarias, coa categoría profesional de peón, cunha duración ata o 30.09.2021 e unha retribución de MIL CENTO OITO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (1.108,33 €) MENSUAIS BRUTOS, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, suxeitarase ó previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

3.- A Convocatoria, as Bases e os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios deste Concello e na súa sede electrónica.

SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- **proceso selectivo suxeitarase, en todo o non expresamente previsto nas presentes Bases, ao regulado nas seguintes normas xurídicas:**
 - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



Cod. Validación: 4K5XT9DFFHR7ZTSR4CW4KLDZ | Corrección: https://panton.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14

JOSE LUIS ALVAREZ BLANCO (1 para 2)
 ALCALDE PRESIDENTE
 Data de Sinatura: 26/10/2020
 HASH: db0e7a712ce6002e385656cf70a723dd

ALEJANDRO MARTINEZ SANCHEZ (2 para 2)
 SECRETARIO INTERVENTOR
 Data de Sinatura: 26/10/2020
 HASH: 7fc07b03e1dd0892c441f1b7117dcf2a

	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	1/14



- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

TERCEIRA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

1.- Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas para o ingreso no posto de traballo convocado:

a) Ter nacionalidade española. Nembargante, teranse en conta os seguintes supostos:

1. A poboación nacional dos demais Estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e ós demais sectores da función pública ós que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as.
2. A poboación nacional de aqueles Estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta estea definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Posuír a titulación esixida. Enténdese que se está en posesión da titulación esixida cando se tiveran aboado os dereitos correspondentes para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse que se está en posesión

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	2/14



da correspondente homologación expedida polas autoridades educativas pertinentes. A posesión da titulación acreditarase coa presentación do título expedido ou do xustificante de ter pagado as taxas correspondentes para a súa expedición para o caso de non se ter esta realizada no momento da presentación da solicitude.

f) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego ou en situación de mellora de emprego.

g) Ter aboado o importe a que ascende a taxa por dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal.

2.- Os anteriores requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de obra ou servizo determinado (interese social).

3.- De acordo co establecido no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público, en concordancia co previsto no Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social, nas presentes probas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que os demais aspirantes. Os aspirantes discapacitados deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acrediten tal condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes á praza obxecto da presente convocatoria.

O tribunal establecerá, para as persoas con discapacidade que así o soliciten, as adaptacións posibles, de tempo e medios, para a realización de proba. Para ese efecto os interesados deberán presentar a petición correspondente na solicitude de participación na convocatoria.

CUARTA .- INSTANCIAS E ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

5.1.- As instancias solicitando tomar parte no presente proceso selectivo deberán estar debidamente cumprimentadas. Os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na Base Xeral Terceira, referidas ao día en que conclúa o prazo de presentación de instancias, dirixiranse á Alcaldía deste Concello, e presentaranse no Rexistro Xeral do mesmo ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **dentro do prazo de 10 días hábiles**, contados a partir do seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

5.2.- Á instancia acompañarase xustificante do abono dos dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal, de conformidade coa Ordenanza Fiscal Nº 12 Reguladora da Taxa por Tramitación de Expedientes ou Documentos Administrativos en vigor (BOP nº 158, do 11.07.2013. O importe da taxa de referencia ascende á cantidade

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



Cod. Validación: 4K5XT9DFHF72TSR4CW4KLDZ | Corrección: https://panton.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 14

	IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	3/14



de 5,00 € e deberá realizarse o ingreso na c/c nº 2080/0116/57311000020 de ABANCA.

Os dereitos de exame serán devoltos, unicamente previa petición do interesado, no caso de ser excluído do proceso selectivo, por falta dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte no mesmo. Non procederá a devolución nos supostos de exclusión por causa imputable aos aspirantes

5.3.- Terminado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios deste Concello e no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>), con indicación das causas de exclusión, así como o prazo de emenda de defectos e presentación de reclamacións que se concede aos aspirantes excluídos, que será de dous días hábiles.

Se se formulasen reclamacións, serán resoltas no mesmo acto administrativo que aprobe a lista definitiva, que se fará pública, así mesmo, na forma indicada para a lista provisional. Na mesma resolución indicárase a data, lugar e hora de comezo do concurso de valoración de méritos conforme ao establecido nas bases específicas.

De non presentarse reclamacións a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva, facéndose constar tal circunstancia no anuncio indicado no parágrafo anterior.

5.4.- Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os interesados interpor o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo, nos termos da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5.5.- Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

- Presidente: funcionario ou persoal laboral do concello ou doutros concellos.
- Vogais: tres funcionarios ou persoal laboral do concello ou doutros concellos.
- Secretario: o da corporación ou funcionario en quen delegue, con voz pero sen voto.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

6.2.- A efectos do disposto no artigo 30 e no Anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre Indemnizacións por Razón do Servizo, o tribunal que actúe nesta proba

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	4/14



selectiva terá a categoría C2.

6.3.- Na mesma resolución na que se aprrobe definitivamente a lista de aspirantes admitidos e excluídos, fixarase a composición do tribunal cualificador a efectos de poder promover, no caso de que proceda, a recusación dos seus membros. A resolución anunciarase no taboleiro de anuncios deste Concello e no seu sitio web.

6.4.- Para aquelas probas que o requiran o tribunal poderá nomear colaboradores, especialistas e axudantes, que estarán sempre baixo a súa dirección e control directos, limitándose ao exercicio das súas especialidades técnicas en base ás cales colaborarán co tribunal con voz, pero sen voto. Os asesores e especialistas estarán sometidos ás mesmas causas de abstención e recusación que os membros do tribunal.

6.5.- Non poderán formar parte do tribunal quen impartisen cursos ou traballos para a preparación de aspirantes a probas selectivas no cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

Seralle de aplicación ós tribunais o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en canto á abstención e á recusación. A Alcaldía poderá requirir aos membros do tribunal unha declaración expresa de non atoparse sometidos a ningunha das causas de abstención legalmente previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Igualmente, quen incorresen en causa de abstención deberán comunicalo á Alcaldía no prazo máximo de 2 días hábiles.

SEXTA.- CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS.

O procedemento de selección será o concurso de valoración de méritos, no que se comprobarán e cualificarán os méritos alegados polos/as aspirantes. Os méritos a ter en conta, de ser o caso, na fase de concurso determínanse e describíense nas bases específicas.

A valoración de meritos complementarase coa realización dunha entrevista, de conformidade co previsto no artigo 61.5 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.

SÉTIMA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

A puntuación final do proceso será a suma da puntuación obtida no concurso de valoración de méritos e e na entrevista.

Rematada a cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes e a proposta á Alcaldía da contratación daqueles/as que obtiveran a máxima puntuación.

OITAVA.- BOLSA DE TRABALLO.

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



Cod. Validación: 4K5XT9DFFHR72TSR4CW4KLDZ | Corrección: https://panton.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 14

	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	5/14





A Alcaldía ditará Resolución formando a bolsa de traballo, de conformidade coa lista elevada polo tribunal. A esta bolsa de traballo poderá acudirse directamente cando resulte necesaria a contratación laboral temporal de péóns para a obra ou servizo determinado determinado "PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES" nos casos de renuncias, baixas, permisos, licenzas e outras necesidades circunstanciais do servizo.

Esta bolsa permanecerá vixente até o 31.09.2021.

NOVENA.- INCIDENCIAS.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso de valoración de méritos en todo o non previsto nas bases.

DÉCIMA.- VINCULACIÓN DAS BASES.

As presentes Bases vinculan ao Concello, ao tribunal e a quen participen nas probas selectivas. Tanto as Bases, como cuantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra estas Bases, que poñen fin á vía administrativa, poderá interporse, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación das mesmas no Boletín Oficial de Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo poderá exercitarse calquera outro recurso que considere pertinente.

B) BASES ESPECÍFICAS.

DÚAS (2) PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, COA CATEGORÍA PROFESIONAL DE PEÓN, PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO DETERMINADO "PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES", POLO SISTEMA DE CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

PRIMEIRA.- NÚMERO DE PERSOAS TRABALLADORAS A CONTRATAR, CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO E COMETIDOS.

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



Cod. Validación: 4K5XT9DFH72TSR4CWA4KJJDZ | Corrección: https://panton.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14

	IV7GSMA2ZLUIYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUIYZPZS4JPGH5XEDY	Página	6/14



1.- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS A CONTRATAR: DOUS/DÚAS (2).

2.- CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO:

TIPO DE CONTRATO	OCUPACIÓN	RETRIBUCIÓN SALARIAIS MENSUAIS (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias)	TIPO DE XORNADA	DURACIÓN DO CONTRATO
Obra ou servizo (Interese Social)	Peón	1.108,33 €	Xornada completa	Ata o 30.09.2021

3.- COMETIDOS: son cometidos a realizar polo/a traballador/a o desenvolvemento das funcións propias dun/dunha peón adscrito/a aos servizos municipais de limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, acceso aos núcleos de poboación e conservación e mantemento das infraestruturas viarias municipais e outros equipamentos da súa titularidade.

SEGUNDA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Ademais das condicións xerais sinaladas na base terceira das bases xerais os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Contar coa titulación académica de certificado de escolaridade ou titulación equivalente.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o concurso de valoración de méritos.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS: MÉRITOS PARA ALEGAR.

A esta fase correspóndelle unha puntuación máxima de 8 puntos. Só se valorarán os méritos correctamente aportados durante o prazo de presentación de instancias sen que poida ser obxecto de emenda ou subsanación a documentación presentada.

A) Servizos prestados:

A puntuación máxima por este apartado será de 3,00 puntos.

- Por servizos prestados en Administracións Públicas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 3,00 puntos, rexeitándose fraccións ou meses

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



Cod. Validación: 4K5XT9DFFHF72TSR4CW4KLDZ | Corrección: https://panton.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 14

	IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	7/14



incompletos.

- -Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,05 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 3,00 puntos, rexeitándose fraccións ou meses incompletos.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados:

- No caso de traballadores por conta allea: a través de, copia cotexada de contrato de traballo e informe de vida laboral elaborado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou ben, de certificado, no caso da Administración, ou certificado de empresa, no caso da empresa privada, sempre que quede acreditado de forma clara e expresa, a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; no caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- No caso de traballador autónomo: mediante o informe de vida laboral elaborado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o epígrafe de cotización. De ser o caso contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- No caso de traballos no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

B) Cursos de formación e perfeccionamento:

A puntuación máxima por este apartado será de 3,00 puntos.

Valoraranse as titulacións académicas e os cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, administracións públicas, escolas públicas oficiais de funcionarios/as, universidades e entidades que impartan actividades formativas con cargo a fondos de formación para o emprego.

Non se valorarán os diplomas relativos á realización de congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros ou semellantes, nin aqueles cursos realizados con máis de 15 anos de antelación á data publicación da convocatoria do concurso-oposición, a excepción dos cursos de iniciación e perfeccionamento do idioma galego ós que non se lle aplicará a presente limitación temporal pola súa equivalencia co CELGA.

Materias sobre as que deberán versar os títulos académicos e os cursos e puntuación máxima en relación a cada unha de delas:

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	8/14



- a) Cursos (máximo 2,00 puntos) que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ó que se opta: valorarase a formación nas materias propias do posto:
- Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso.
 - Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso.
 - Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso.

A acreditación destes méritos realizarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada do título, diploma ou certificado suficiente expedido polas institucións ou organismos que organizaron os cursos.

- b) Coñecemento do galego:

A puntuación máxima por este apartado será de 1,00 puntos:

- Por estar en posesión do curso de iniciación: 0,50 puntos.
- Por estar en posesión do curso de perfeccionamento: 0,50 puntos.
- Por estar en posesión do CELGA 3 ou superior: 1,00 punto.

- C) Por posuír o carnet de conducir Tipo B:

A puntuación máxima por este apartado será de 1,00 puntos.

Para xustificar este apartado, os aspirantes deberán presentar copia compulsada do mesmo.

- D) Por ser persoa desempregado/a maior de 45 anos, vítima de violencia de xénero, persoa con discapacidade, parado de longa duración, integrantes de grupos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

A puntuación máxima por este apartado será de 1,00 puntos. No caso de atoparse o candidato en máis dunha das situacións descritas só se valorará unha. Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa da mesma.

QUINTA.- PROBA COMPLEMENTARIA: ENTREVISTA.

Os/as aspirantes deberán someterse a unha entrevista que versará sobre o coñecemento e a experiencia dos/as mesmos/as nas funcións a desenvolver no posto de traballo.

Valorarase especialmente os coñecementos dos/as aspirantes en cantería e albanelaría.

A puntuación máxima da entrevista será de 2,00 puntos.

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	9/14



SEXTA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base Sexta, e achegarán:

- Fotocopia do D.N.I.
- Solicitude de participación (Anexo I e Anexo II)
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, segundo o establecido na base específica cuarta, en orixinal ou fotocopia autorizada por fedatario público, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.
- Fotocopia cotexada do certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Documentación acreditativa de ter aboado o importe a que ascenden os dereitos de exame: 5 euros .Os/as aspirantes acompañarán á solicitude documento acreditativo de ter feito ingreso do correspondente importe na c/c nº 2080/0116/57311000020 de ABANCA.


Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003			
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	10/14	

ANEXO I

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN A CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE DÚAS (2) PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, COA CATEGORÍA PROFESIONAL DE PEÓN, PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO DETERMINADO "PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES", POLO SISTEMA DE CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS, NO MARCO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 (B.3.- PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).**

Concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de dúas (2) persoas traballadoras desempregadas, coa categoría profesional de peón, para a realización da obra/servizo determinado "PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES", cunha duración ata o 30.09.2021, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 (BOP de Lugo nº 77, do 03.04.2020), dentro do programa B.3.- Programa de Fomento do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social.

DATOS PERSOAIS

Nome:	Apelidos:	DNI/Tarxeta de residencia:	
Teléfono:	Medio de notificación: <input type="checkbox"/> Electrónica. <input type="checkbox"/> En papel.	Correo electrónico:	
Dirección a efectos de práctica de notificacións:		Provincia:	Código Postal:

SOLICITA ser admitido/a ao concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de dúas (2) persoas traballadoras desempregadas, coa categoría profesional de peón, para a realización da obra/servizo determinado "PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES", cunha duración ata o 30.09.2021.

DECLARA (márquese o que corresponda):


- Que coñezo, acepto e sométome na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- Que reúno todos e cada un dos requisitos previstos na base xerañ terceira

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	11/14



das Bases Xerais e Específicas que rexen a convocatoria.

Que autorizo ao Concello de Pantón para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Comprométome a probar documentalmente todos os extremos da declaración anterior, aportando a documentación pertinente no caso de serme requirida.

MERITOS ALEGADOS (marcar as casillas correspondentes):

Servizos prestados.

Cursos de formación e perfeccionamento.

Por posuír o carnet de conducir tipo B.

Desempregado/a maior de 45 anos, vítima de violencia de xénero, persoa con discapacidade, parado de larga duración, integrantes de grupos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

ACOMPAÑA:

Copia autenticada do DNI

Titulación académica.

Documentación acreditativa dos méritos alegados e especificados na base específica cuarta das Bases Xerais e Específicas que rexen a convocatoria, que serán obxecto de valoración.

Xustificante bancario de ter aboado o importe a que ascende a taxa por dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal.

Anexo II.

En Pantón, a ____ de _____ de 2020.


Asdo: _____

- SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN.

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003			
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	12/14	

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS PERSOAIS

Nome:	Apelidos:	DNI/Tarxeta de residencia:	
Teléfono:	Medio de notificación: <input type="checkbox"/> Electrónica. <input type="checkbox"/> En papel.	Correo electrónico:	
Dirección a efectos de práctica de notificacións:		Provincia:	Código Postal:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade ou de incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbo sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. estar separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades locais, nin estar inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas.

Pantón, ____ de _____ de 2020


Asdo. _____

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562



	IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSMA2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	13/14





Concello de Pantón

DILIXENCIA.- Póñoa eu, Secretario, para facer constar que as presentes Bases xerais e específicas foron aprobadas por Decreto do 13.10.2020.

Pantón, o día indicado na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4K5XT9DFFHR72SR4CW4KLDZ | Corrección: <https://panton.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14

Concello de Pantón

Praza do Concello, 1, O Castro de Ferreira. 27430 (Lugo). Tfno. 982456005. Fax: 982456562

	IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Fecha y Hora	26/10/2020 18:31:18	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003			
Firmado por	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION SA			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GSM2ZLUYZPZS4JPGH5XEDY	Página	14/14	